



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 10 de setembro de 2020**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dez de setembro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(700).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión 03/09/2020. Deberá incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(701).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DOS COLEXIOS PÚBLICOS. EXPTE. 6510/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 07/09/2020, asinado pola xefa do servizo de Contratación, pola concelleira delegada de área, pola titular da Asesoría Xurídica e polo interventor xeral municipal:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e das escolas municipais dependentes do concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e das escolas municipais dependentes do concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e das escolas municipais dependentes do concello de Vigo (expediente 3815-440), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 3 de febreiro de 2017, a XGL, adxudicou a MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L. (en adiante MANTELNOR ou o contratista), o citado contrato, coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 11.323.180,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.965.180,00 euros.*
- b) *Propón no apartado de melloras un total de 216 unidades por importe de 11.836,80 euros (sen IVE), sendo o importe correspondente ao IVE de 2.485,73 euros, correspondente ao seguinte cadro:*

Custos unitarios	Custo/Unidades/IVE	Ud	Total
Contedor 240 lts fracción orgánico	54,80	54	2.959,20
Contedor 240 lts fracción resto	54,80	54	2.959,20
Contedor 240 lts fracción envases	54,80	54	2.959,20
Contedor 240 lts fracción papel cartón	54,80	54	2.959,20



Concello de Vigo

- c) *Propón unha bolsa de horas anuais de prestación do servizo sen custo para o Concello, para o desenvolvemento de actuacións de limpeza de carácter extraordinario non recollidas nas obrigas do contrato de 3.100 horas/ano*.

O prazo do contrato é de catro anos, e prevé dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha. A execución do contrato iniciouse o 01/05/2017.

Terceiro.- O 1 de setembro de 2020, a xefa do Servizo de Educación, coa conformidade do concelleiro delegado, emite informe motivando a necesidade de modificar o contrato nos seguintes termos:

"I.- O Ministerio de Sanidade e o Ministerio de Educación e Formación Profesional elaboraron o documento de "Medidas de prevención, higiene y promoción de la salud frente a Covid-19 para centros educativos en el curso 2020-2021". (Versión do 22 de xuño de 2020). Este documento inclúe recomendacións en relación ás medidas de prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2 para os centros educativos no curso 2020-2021, sen prexuízo do que se poida dispoñer en normativa concernente á materia. Dentro do apartado 3. "Principios básicos de prevención, higiene y promoción de la salud fente a COVID-19 en los Centros Educativos" o punto 3 refírese a "Limpieza, desinfección y ventilación del centro" recomendando o reforzo da limpeza e desinfección dos espazos que o precisen en función da intensidade de uso, por ex. os aseos 3 veces ao día, limpeza de aulas, comedores, postos de traballo, mobiliario etc..

II.- Por resolución conxunta de data 22 de xullo de 2020 das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade aprobase o "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia", neste documento téñense en conta as recomendacións recollidas no referido documento elaborado polo Ministerio de Sanidade e o Ministerio de Educación e Formación Profesional "Medidas de prevención, higiene y promoción de la salud frente a Covid-19 para centros educativos en el curso 2020-2021".

O protocolo ten por obxecto crear contornas escolares saudables e seguras mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

O mesmo dedica o apartado 4 ás Medidas xerais de limpeza nos centros:

- Cada centro disporá dun protocolo de limpeza e desinfección que responda ás súas características. O protocolo de limpeza e desinfección formará parte do documento denominado "Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021" e determinará as frecuencias e horas nas que se realizarán todas as tarefas. O protocolo de limpeza é obrigatorio para todo o persoal de limpeza con independencia da súa dependencia orgánica polo que será de aplicación non só ás empresas externas senón tamén ao persoal dos concellos que teñen a obriga de realizar o mantemento e conservación de conformidade coa normativa vixente.

Este protocolo recollerá as seguintes indicacións:

- Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos 3 veces ao día.

-Terase especial atención nas zonas de uso común en nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas elementos das cisternas e outros dos aseos.

- Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza e desinfección realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos 3 veces ao día. En todo caso nos aseos existirá material de desinfección para ser utilizado polo usuarios voluntariamente.

- As medidas de limpeza e desinfección estenderanse tamén, no seu caso, a zonas privadas dos traballadores, tales como áreas de descanso, vestiarios, taquillas, aseos, cociñas (onde se limpará todo o enxoval no lavalouzas, incluído o que non se teña usado pero teña podido estar en contacto coas mans dos estudantes).

Do mesmo xeito, realizarase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos, en cada cambio de quenda, e ao finalizar a xornada, deixando que actúe o produto de limpeza, con especial atención ao mobiliario e outros elementos susceptibles de manipulación, sobre todo naqueles utilizados por máis dun usuario quen realizará ao finalizar o uso individual a limpeza dos elementos utilizados. Cada usuario ao terminar de utilizar un ordenador de uso compartido, limpará a superficie do teclado, do rato e da pantalla con xel desinfectante.

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.

- Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

- Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.

- Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 5 minutos (10 minutos cando a sala ou aula estivese ocupada previamente) ao inicio da xornada, ao finalizar e entre clases, sempre que sexa posible e coas medidas de prevención de accidentes necesarias:

- Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador/a, profesor/a especialista, ou calquera outro) desinfectaranse as superficies usadas e ventilarase a aula ou sala polo menos 5 minutos logo de cada sesión.



Concello de Vigo

En relación coa xestión dos residuos:

- Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da "etiqueta respiratoria" sexan refugados en papeleiras con bolsa ou contedores protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.

- Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).

III.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 03 de febreiro de 2017, acordou adxudicar a MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (expediente 3815-440), por un prezo total do contrato de 11.323.180,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.965.180,00 euros, cunha duración de catro anos, mais dúas posibles prórrogas de un ano cada unha. A data de inicio do contrato foi o 01/05/2017.

IV.- No referido protocolo recollese un reforzo da limpeza nos centros entre os que se inclúe que durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos polo menos 3 veces ao día. A mesma frecuencia de limpeza para os aseos establece o documento do Ministerio de Sanidade antes citado.

As superficies a limpar que se sinalan no protocolo da Xunta están incluídas nos procesos de limpeza habituais do referido contrato de limpeza, pero a frecuencia das limpeza establecidas no contrato é menor, isto é son limpeza que están recollidas no contrato pero que agora precisan ser reforzadas polo que é necesario modificar o contrato neste sentido.

Por outro lado, o Prego de Prescripcións Técnicas regula os "Horarios para a prestación dos servizos":

"Os servizos de limpeza vencellados ao obxecto deste contrato, deberán desenvolverse de acordo coas necesidades e a actividade propia de cada centro, sen interferir na actividade docente, e coordinando a súa execución coas actividades extraescolares que se desenvolvan en cada caso.

De forma xeral, os procesos catalogados como de limpeza habituais ou ordinarias, así como os procesos das limpeza programadas ou de execución periódica, serán executados durante as xornadas de luns a venres, e preferentemente en xornada de tarde, aproveitando o final das actividades normalizadas dos centros. Estes procesos poderán ser completados polas necesidades derivadas de cada centro durante a xornada de mañá".

Polo tanto para cumprir coas esixencias de limpeza que recolle o protocolo é necesario incrementar o número de horas de limpeza nos colexios, realizándose estas tarefas de reforzo de limpeza nas zonas e superficies indicadas durante a xornada lectiva, isto é, pola mañán.

Non é posible realizar a limpeza que se leva a cabo ao remate da xornada lectiva pola mañá xa que para que esta limpeza diaria sexa eficiente e de calidade non poden estar os alumnos no centro.

V.- A empresa adxudicataria presenta unha proposta para realizar estas tarefas de reforzo da limpeza e desinfección nos centros obxecto do contrato conforme ao protocolo aprobado polas Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade, analizando as necesidades de cada un dos centros educativos e tendo en conta o calendario escolar do próximo curso, nesta proposta de modificación do contrato estímase a necesidade de realizar un total de 31.590 horas durante o próximo curso 2020-2021 (de setembro 2020 a xuño 2021), por un importe de 616.952,70 €. Fixa un prezo da hora de prestación do servizo en 19,53 (ive engadido).

Para o presente exercicio 2020 a modificación comprendería o reforzo das tarefas de limpeza indicadas no protocolo por un máximo de 12.460,50 horas o que supón un prezo da modificación para dito periodo de 243.353,58 €.

A tramitación desta modificación do contrato é urxente por canto precisase que estea aprobada na data de comenzo do próximo curso escolar, isto é o día 10 setembro no que segundo o calendario escolar iniciase o curso 2020-2021, dente o primeiro día lectivo compre aplicar nos centros as medidas de reforzo de limpeza recollidas no protocolo das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade.

VI.- O Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Contratos do Sector Público, regula no artigo 107 as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación:

"1. Las modificaciones no previstas en los pliegos o en el anuncio de licitación solo podrán efectuarse cuando se justifique suficientemente la concurrencia de alguna de las siguientes circunstancias:

(...)

e) Necesidad de ajustar la prestación a especificaciones técnicas, medioambientales, urbanísticas, de seguridad o de accesibilidad aprobadas con posterioridad a la adjudicación del contrato.

2. La modificación del contrato acordada conforme a lo previsto en este artículo no podrá alterar las condiciones esenciales de la licitación y adjudicación, y deberá limitarse a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

3. A los efectos de lo previsto en el apartado anterior, se entenderá que se alteran las condiciones esenciales de licitación y adjudicación del contrato en los siguientes casos:

a) Cuando la modificación varíe sustancialmente la función y características esenciales de la prestación inicialmente contratada.

b) Cuando la modificación altere la relación entre la prestación contratada y el precio, tal y como esa relación quedó definida por las condiciones de la adjudicación.



Concello de Vigo

c) Cuando para la realización de la prestación modificada fuese necesaria una habilitación profesional diferente de la exigida para el contrato inicial o unas condiciones de solvencia sustancialmente distintas.

d) Cuando las modificaciones del contrato iguallen o excedan, en más o en menos, el 10 por ciento del precio de adjudicación del contrato; en el caso de modificaciones sucesivas, el conjunto de ellas no podrá superar este límite.

e) En cualesquiera otros casos en que pueda presumirse que, de haber sido conocida previamente la modificación, hubiesen concurrido al procedimiento de adjudicación otros interesados, o que los licitadores que tomaron parte en el mismo hubieran presentado ofertas sustancialmente diferentes a las formuladas.”

Tanto o documento de "Medidas de prevención, higiene y promoción de la salud frente a Covid-19 para centros educativos en el curso 2020-2021". (versión do 22 de xuño de 2020) elaborado polo Ministerio de Sanidade e o Ministerio de Educación e Formación Profesional, como o "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia" aprobado por resolución conxunta de data 22 de xullo de 2020 das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade conteñen especificacións técnicas sobre a execución dos procesos de limpeza aprobadas con posteiroridade á adxudicación do contrato; xa que prevén medidas de prevención respecto dunha situación sanitaria descoñecida e non prevista na data de adxudicación. Polo que se estima que a modificación que se pretende ten encaixe no apartado 1, e) do artigo 107 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Contratos do Sector Público.

Esta modificación do contrato non implica a adición de prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente e non altera as condicións esenciais da licitación e adxudicación, por canto supón simplemente un incremento de frecuencias na limpeza e un cambio de horarios.

VII.- En base ao exposto estimase necesario modificar o Contrato do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (expte. 3815/440) para adecuar as prestacións das limpezas habituais nos centros ás esixencias establecidas no "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia".

A modificación suporía ata a data de finalización do contrato o 30 de abril de 2021 o reforzo das tarefas de limpeza e desinfección indicadas no protocolo cun incremento máximo de 25.096,50 horas de prestación do servizo por un prezo de 490.134,67 €, co seguinte desglose:

Ano 2020:

- Setembro: 2.632,50 horas – 51.412,73 €
- Outubro: 3.685,50 horas – 71.977,82 €
- Novembro: 3.685,50 horas – 71.977,82 €
- Decembro: 2.457 horas – 47.985,21 €

Ano 2021

- Xaneiro: 2.808,00 horas- 54.840,24 €

- Febreiro: 2.983,50 horas- 58.267,76 €
- Marzo: 3.510,00 horas- 68.550,30 €
- Abril: 3.334,50 horas- 65.122,79 €

O custe da modificación financiaríase con cargo á partida presupostaria 3230.227.0000 "Limpeza Colexios" e bolsa de vinculación

Procede ter en conta que estamos nunha situación moi cambiante en función da evolución da pandemia polo que non pode precisarse con exactitude cales van a ser as necesidades dos centros en canto a limpeza, así como a posibilidade de cambios nos protocolos e normativa a ter en conta. Por estas razóns, o número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades que se comunicarán á empresa polo responsable do contrato.

A facturación do reforzo de limpeza e desinfección previsto na modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.

VIII.- De conformidade cos artigos 25.1 e 25.2.n da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.ñ da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios exercerán como competencias propias a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial."

Cuarto.- En data do 2 de setembro de 2020 a concelleira delegada de Contratación resolveu:

"1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e das escolas municipais dependentes do concello de Vigo nos seguintes termos:

- *A modificación supón o reforzo das tarefas de limpeza indicadas no protocolo cun incremento máximo de 25.096,50 horas de prestación do servizo por un prezo máximo de 490.134,64 €.*
- *O número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades. Estas serán comunicadas á empresa polo responsable do contrato.*
- *O aboamento do reforzo de limpeza previsto nesta modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.*

2º.- Dar audiencia a MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan".

Quinto.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista manifesta a súa conformidade coa proposta de modificación, en escrito de data 3 de setembro de 2020.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Legislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a legislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto, refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A legislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 105 e 219 TRLCSP, 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 33 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do TRLCSP.

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación prevé a modificación do contrato (apartado 16 da FEC) cando concorran as seguintes circunstancias:

“A baixa ou incorporación de instalacións educativas cuxo mantemento e competencia do Concello de Vigo e non recollidas no anexo I do PPT.”

E permite modificar os seguintes aspectos:

“Incremento ou redución das instalacións ou equipamentos a limpar”.

Como se pode apreciar a modificación proposta non encaixa nos supostos de modificación previstos no PCAP, xa que non se incrementan ou reducen as instalacións ou equipamentos a limpar senon que a consecuencia das medidas adoptadas por mor do COVID-19 é preciso cambiar os protocolos de limpeza, as frecuencias e o horario.

Á vista do exposto cómpre analizar se a modificación proposta encaixa nos supostos de modificacións non previstas contemplados no artigo 107 do TRLCSP.

Estabelece o citado artigo 107 o seguinte:

“ 1. Las modificaciones no previstas en los pliegos o en el anuncio de licitación solo podrán efectuarse cuando se justifique suficientemente la concurrencia de alguna de las siguientes circunstancias:

a) *Inadecuación de la prestación contratada para satisfacer las necesidades que pretenden cubrirse mediante el contrato debido a errores u omisiones padecidos en la redacción del proyecto o de las especificaciones técnicas.*

b) *Inadecuación del proyecto o de las especificaciones de la prestación por causas objetivas que determinen su falta de idoneidad, consistentes en circunstancias de tipo geológico, hídrico, arqueológico, medioambiental o similares, puestas de manifiesto con posterioridad a la adjudicación del contrato y que no fuesen previsibles con anterioridad aplicando toda la diligencia requerida de acuerdo con una buena práctica profesional en la elaboración del proyecto o en la redacción de las especificaciones técnicas.*

c) *Fuerza mayor o caso fortuito que hiciesen imposible la realización de la prestación en los términos inicialmente definidos.*

d) *Conveniencia de incorporar a la prestación avances técnicos que la mejoren notoriamente, siempre que su disponibilidad en el mercado, de acuerdo con el estado de la técnica, se haya producido con posterioridad a la adjudicación del contrato.*

e) **Necesidad de ajustar la prestación a especificaciones técnicas, medioambientales, urbanísticas, de seguridad o de accesibilidad aprobadas con posterioridad a la adjudicación del contrato.**

2. La modificación del contrato acordada conforme a lo previsto en este artículo no podrá alterar las condiciones esenciales de la licitación y adjudicación, y deberá limitarse a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

3. A los efectos de lo previsto en el apartado anterior, se entenderá que se alteran las condiciones esenciales de licitación y adjudicación del contrato en los siguientes casos:

a) *Cuando la modificación varíe sustancialmente la función y características esenciales de la prestación inicialmente contratada.*

b) *Cuando la modificación altere la relación entre la prestación contratada y el precio, tal y como esa relación quedó definida por las condiciones de la adjudicación.*

c) *Cuando para la realización de la prestación modificada fuese necesaria una habilitación profesional diferente de la exigida para el contrato inicial o unas condiciones de solvencia sustancialmente distintas.*

d) Cuando las modificaciones del contrato iguallen o excedan, en más o en menos, el 10 por ciento del precio de adjudicación del contrato; en el caso de modificaciones sucesivas, el conjunto de ellas no podrá superar este límite.

e) *En cualesquiera otros casos en que pueda presumirse que, de haber sido conocida previamente la modificación, hubiesen concurrido al procedimiento de adjudicación otros interesados, o que los licitadores que tomaron parte en el mismo hubieran presentado ofertas sustancialmente diferentes a las formuladas."*

Á vista do previsto no artigo 107 do TRLCSP, a modificación obxecto deste informe ten encaixe no apartado 1.e "Necesidad de ajustar la prestación a especificaciones técnicas, medioambientales, urbanísticas, de seguridad o de accesibilidad aprobadas con posterioridad a la adjudicación del contrato".

En efecto, o informe emitido pola xefa do Servizo de Educación de 17 de agosto de 2020 motiva a necesidade de modificar o contrato para cumprir co disposto no "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia",



Concello de Vigo

aprobado por resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade de data 22 de xullo de 2020, que impón numerosas medidas para evitar os contaxios nos colexios de educación infantil e primaria que son de obrigado cumprimento para a Administración municipal, enumeradas no informe do servizo xestor reproducido no antecedente terceiro desta proposta, e que obrigan a modificación do presente contrato.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais:
 1. Os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
 2. A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de adicionar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, o incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente (artigo 105.2 TRLCSP).
 3. No caso de modificacións no previstas nos pregos, como no caso que nos ocupa a modificación non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a fai necesaria (artigo 107.2 TRLCSP).

A estes efectos, determina o artigo 107.3 os casos nos que se alteran as condicións esenciais da licitación e adxudicación:

- a) Cuando la modificación varíe sustancialmente la función y características esenciales de la prestación inicialmente contratada.
- b) Cuando la modificación altere la relación entre la prestación contratada y el precio, tal y como esa relación quedó definida por las condiciones de la adjudicación.
- c) Cuando para la realización de la prestación modificada fuese necesaria una habilitación profesional diferente de la exigida para el contrato inicial o unas condiciones de solvencia sustancialmente distintas.

- d) Cuando las modificaciones del contrato iguallen o excedan, en más o en menos, el 10 por ciento del precio de adjudicación del contrato; en el caso de modificaciones sucesivas, el conjunto de ellas no podrá superar este límite.
- e) En cualesquiera otros casos en que pueda presumirse que, de haber sido conocida previamente la modificación, hubiesen concurrido al procedimiento de adjudicación otros interesados, o que los licitadores que tomaron parte en el mismo hubieran presentado ofertas sustancialmente diferentes a las formuladas.

- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, deuse trámite de audiencia ao contratista que manifesta a súa conformidade coa modificación proposta. Non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: manter, coas máximas garantías desde o punto de vista sanitario os colexios públicos de educación infantil e primaria e evitar así, na medida do posible, os contaxios entre os nenos/as e o profesorado e demais persoal dos mesmos e cumprir a Resolución conxunta de data 22 de xullo de 2020 das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade que aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia”, que recolle as recomendacións dos Ministerios de Sanidade e de Educación e Formación Profesional enumeradas no documento “Medidas de prevención, higiene y promoción de la salud frente a Covid-19 para centros educativos en el curso 2020-2021”.

Como di o responsable do contrato no seu informe “Esta modificación do contrato non implica a adición de prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente e non altera as condicións esenciais da licitación e adxudicación, por canto supón simplemente un incremento de frecuencias na limpeza e un cambio de horarios” (...) *“a frecuencia das limpezaas establecidas no contrato é menor, isto é son limpezaas que están recollidas no contrato pero que agora precisan ser reforzadas”*.

Respecto dos límites económicos, dado que a modificación supón unha incremento do prezo do contrato é preciso compensar ao contratista. Informa ó respecto o servizo xestor o seguinte:

“A modificación suporía ata a data de finalización do contrato o 30 de abril de 2021 o reforzo das tarefas de limpeza indicadas no protocolo cun incremento máximo de 25.096,50 horas de prestación do servizo por un prezo de 490.134,64 €.



Concello de Vigo

(...) Procede ter en conta que estamos nunha situación moi cambiante en función da evolución da pandemia polo que non pode precisarse con exactitude cales van a ser as necesidades dos centros en canto a limpeza, así como a posibilidade de cambios nos protocolos e normativa a ter en conta. Por estas razóns, o número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades que se comunicarán á empresa polo Servizo de Educación.

A facturación do reforzo de limpeza previsto na modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas”.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

De conformidade co artigo 153.3 da LCSP, tratase dun procedemento sometido a recurso especial en materia de contratación (apartado 1J do Anexo I -FEC- do PCAP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva.

Esta garantía esexese aos que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado.

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o

prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, o ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato dos servizos de limpeza dos colexios públicos e das escolas municipais dependentes do concello de Vigo, para cumprir o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio do



Concello de Vigo

desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia” nos seguintes termos:

- **A modificación supón o reforzo das tarefas de limpeza indicadas no protocolo cun incremento máximo de 25.096,50 horas de prestación do servizo por un prezo máximo de 490.134,64 €.**
- **O número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades. Estas serán comunicadas á empresa polo responsable do contrato.**
- **O aboamento do reforzo de limpeza previsto nesta modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.**

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará á aplicación presupostaria 3230.227.0000 “Limpeza Colexios” e bolsa de vinculación, e se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:

Ano de aplicación	Período	Importe económico (elano)
Ano 2020	Do 10 de setembro ao 31 de decembro	243.353,58 €
Ano 2021	Do 1 de xaneiro ao 30 de abril	246.781,09 €
TOTAL		490.134,67 €

3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., deberá reaxustar a garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(702).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA NECESARIA PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS VINCULADOS CO “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 19710/333.

Visto o informe xurídico do 04/09/2020 e o informe de fiscalización do 07/09/2020, dáse conta do informe-proposta de de data 04/09/2020, asinado polo xefe do servizo de Deportes-director deportivo, polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno municipal do Concello de Vigo, recolle dentro do Programa 3410, a aplicación orzamentaria 3410.226.09.01 “Organización de actividades deportivas”.

2.- Con data 29/06/2020, por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, D. Rubén Peña Barceló, redáctase memoria xustificativa da necesidade da contratación da produción técnica de apoio necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”.

3.- Con data 30/06/2020, de conformidade e no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Delegación de Alcaldía de 26 de xuño de 2019 e tendo en conta que o obxecto desta contratación, implica o exercicio de competencias indicadas como propias, no artigo 25.1 e 25.2.I da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concelleiro de deportes asina a orde para que se proceda a iniciar expediente necesario para a contratación da produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”.

2.- Condicións definatorias do contrato:

a.- Obxecto e natureza do contrato:

O obxecto do presente expediente contempla a contratación, en función das necesidades, da produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2. I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, en relación á execución de programas de promoción da actividade deportiva.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordeamento xurídico



Concello de Vigo

español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014), así como os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral atende fundamentalmente a produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de Servizo, previsto no artigo 17 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014) (no sucesivo, LCSP).

Non se contempla a división en lotes do contrato xa que determínase que a realización independente ou por lotes das diversas prestacións e traballos obxecto do presente contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, xa que implica a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Tanto para a montaxe como para o desmote dos diferentes elementos e infraestruturas recollidos no prego técnico é necesario a utilización de medios humanos, técnico, e especializados que deberían estar vinculados á mesma empresa responsable dos mesmos.

As diferentes prestacións contempladas no obxecto do contrato están vinculadas entre si, son complementarias e non separables, polo que debe tratarse como unha unidade funcional.

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 99 e 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, atópase determinado tendo en conta que o prazo máximo do contrato establécese nunha anualidade, o importe para a totalidade do contrato estímase en

27.738,42 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 5.825,07 € o cal totaliza un importe de 33.563,49 € con IVE (21%).

Atendendo as peculiaridades dos servizos obxecto deste contrato, o prezo do contrato determinarase en termos de prezos unitarios referidos a cada un dos conceptos vinculados o contrato e especificados no Prego de Prescricións Técnicas particulares.

Para a determinación do orzamento base de licitación, tómanse como referencia os custos medios de necesidades baseadas en servizos similares recollidos noutros expedientes tramitados polo servizo de deportes.

O presente contrato será calculado en base á referencia do prezo unitario para cada concepto, custes salariais e de seguridade social, Aluguer de equipamentos e gastos xerais e beneficio industrial, establecéndose como prezo de licitación para dito contrato o de 27.738,42 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 5.825,07 € o cal totaliza un importe de 33.563,49 € con IVE (21%).

Gastos Directos	Gastos Indirectos	Custo unitario	Unidades	Custo total
Custes salariais traslado, montaxe e desmonte de equipamentos pers/horas/serv.		15,44 €	465	7.179,60 €
Aluguer camión podium		600,00 €	11	6.600,00 €
Aluguer palco configurable		450,00 €	2	900,00 €
Aluguer Arco de meta truss panelable		220,00 €	10	2.200,00 €
Aluguer Arco de meta hinchable		90,00 €	2	180,00 €
Aluguer valos altos 300cmx190cm		5,00 €	150	750,00 €
Aluguer Valos antipánico		3,50 €	1300	4.550,00 €
Aluguer Carpa plegable 3x3m		50,00 €	10	500,00 €
Aluguer xerador eléctrico		75,00 €	6	450,00 €
	Gastos xerais (13%)			3.030,25€
	Beneficio Industrial (6%)			1.398,58 €
TOTAL PREZO SEN IVE				27.738,42 €
	IVE (21%)			5.825,07 €



Concello de Vigo

TOTAL CON IVE				33.563,49 €
----------------------	--	--	--	-------------

O importe para a totalidade do contrato estímase en 27.738,42 € sen ive, cun importe correspondente ó ive (21%) de 5.825,07 € o cal totaliza un importe de 33.563,49 € con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen ive	IVE	Importe con IVE
2020	6.934,61 €	1.456,27 €	8.390,87 €
2021	20.803,82 €	4.368,80 €	25.172,62 €
Totais	27.738,42 €	5.825,07 €	33.563,49 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3410	2260901	Organización de actividades deportivas
------	---------	--

O valor estimado do contrato establécese en 88.762,95€

O importe do contrato establécese de acordo cos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira contidos no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, xa que os créditos que se prevén para este contrato para cada exercicio son análogos aos existentes en anteriores exercicios presupostarios co mesmo obxecto e non van a significar desequilibrio financeiro ningún tendo en conta que os prezos unitarios axústanse aos prezos de mercado, pois establecéronse coa experiencia adquirida na execución do vixente contrato.

d.- Revisión de prezos.

Non procede.

e.- Réxime de pagamento:

Pagaranse as facturas en función dos servizos efectivamente realizados consonte aos prezos unitarios fixados.

f.- Clasificación contratistas

Non procede.

g.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:

Solvencia económica e financeira:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor anual medio do contrato.

Solvencia técnica e profesional:

- Unha relación dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato.

Xustificación da solvencia:

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira, así como da técnica e profesional.

Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose deste modo que a aportación da requirida solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

h.- Criterios de selección da oferta máis vantaxosa.

Prevese a valoración de múltiples criterios, en cumprimento do artigo 145.3 g) da LCSP:

h.1.- Avaliable mediante xuízo de valor:

Plan de execución do servizo; explícase como se vai valorar ata 25 puntos.

- Plan de montaxe; Valorarase ata 15 puntos.
- Plan de calidade, seguimento e control; Valorarase ata 10 puntos.

h.2.- Avaliables mediante fórmula:



Concello de Vigo

- Porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios consignados, con excepción dos custes salariais: Valorarase ata un máximo de 49 puntos.
- Maior experiencia do responsable de coordinación das tarefas de montaxe e desmonte dos equipamentos e infraestruturas sobre o mínimo esixido no PPT: Valorarase ata un máximo de 26 puntos.

i. Ofertas con valores anormais

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

j.- Subcontratación.

Admítese a subcontratación. Non se reservan tarefas críticas

k.- Prazo de garantía:

Non procede pola propia natureza das prestacións.

l.- Garantía provisional e definitiva:

Non procede a constitución dunha garantía provisional e como garantía definitiva, o licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do prezo de adxudicación do contrato (sen iva).

m.- Prazo de execución e si se prevén prórrogas do mesmo.

Establécese como período do contrato de acordo os límites contemplados no artigo 29 da L.C.S.P, o de un (1) ano, establecéndose dúas prórrogas de un ano cada unha.

Dada a situación de posible inestabilidade do calendario de eventos deportivos nun futuro cercano, parece aconsellable limitarse á produción dun ano, coa posibilidade de prorrogar ou non o contrato no caso de consideralo adecuado.

n.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.

A empresa deberá dispoñer dun responsable da coordinación das tarefas de montaxe, desmonte e da seguridade dos equipamentos e infraestruturas cunha experiencia en tarefas similares de como mínimo 2 anos, que garanta o cumprimento íntegro das esixencias do contrato, tanto no relativo ós aspectos loxísticos como os de seguridade.

o.- Modificación do contrato.

Tendo en conta as peculiaridades do contrato, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:

- Que se incorporen ao calendario de eventos anual novos eventos deportivos inicialmente non incluídos na planificación e que se consideren de interese para os cidadáns.
- Calquera proposta de modificación non poderá superar un incremento do 20% do importe do prezo da oferta do adxudicatario.

p.-Seguro:

O adxudicatario deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil por un importe mínimo de 1.200.000 euros derivada da execución do contrato. O sublímite por vítima será de 600.000 euros.

A empresa adxudicataria terá que presentar copia da póliza e copia do último recibo que xustifique que está ao corrente no pagamento da mesma.

3.- Proposta:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



Concello de Vigo

Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria da contratación para a produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”.

Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do servizo de produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 13 de xullo de 2020.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Xefa do servizo de Contratación con data 03 de setembro de 2020.

Cuarto: Autorizar o gasto por importe máximo de **27.738,42€ sen iva**, e un importe correspondente o iva (21%) de **5.825,07 €** o cal totaliza un importe de **33.563,49 €** con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2020	6.934,61 €	1.456,27 €	8.390,87 €
2021	20.803,82 €	4.368,80 €	25.172,62 €
Totais	27.738,42 €	5.825,07 €	33.563,49 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3410	226.09.01	Organización de actividades deportivas
------	-----------	--

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(703).- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO. EXPTE. 17466/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 05/09/2020, asinado pola xefa do servizo, polo concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

INFORME- PROPOSTA

As “Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego” teñen por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos destes ámbitos que se realicen entre o 1 xaneiro e o 15 de outubro de 2020.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 27 de agosto de 2020, acordou conforme ao expediente 17466/77:

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe de 40.000,00 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4800008 “Axudas desenvolvemento de proxectos invest. relacionados coa innovación”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2020.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as Bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego” correspondentes ao ano 2020 e os modelos de formularios oficiais, que se achegan ao presente acordo.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.”

Advertido o erro material de transcripción no apartado *Quinto* da Convocatoria, que non se axusta ao disposto na **Base 4ª reguladora da CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO** cómpre proceder á súa corrección de conformidade co disposto no art.



Concello de Vigo

109.2 da da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, resultando o seguinte tenor literal:

"A contía total destinada a estas subvencións serán como máximo de 40.000 € (cuarenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800008 "Axudas desenvolvemento de proxectos invest. relacionados coa innovación", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

O importe máximo da subvención ou axuda será de 15.000,00 € e, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada."

De conformidade co anteriormente exposto, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

ÚNICO: Corrixir o erro material advertido no apartado Quinto da Convocatoria das Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 27 de agosto de 2020 (expte. 17466/77), para axustar o seu contido ao disposto na Base 4ª reguladora da contía total e crédito orzamentario das subvencións, mantendo inalterados os demais apartados, quedando redactado co seguinte tenor literal:

""A contía total destinada a estas subvencións serán como máximo de 40.000 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800008 "Axudas desenvolvemento de proxectos invest. relacionados coa innovación", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

O importe máximo da subvención ou axuda será de 15.000,00 € e, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(704).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS DE "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO CAMIÑO DA ARROUBA (ZAMÁNS)". EXPTE. 613/441.

Visto o informe xurídico do 27/08/2020 e o informe de fiscalización do 31/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/08/2020, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo concelleiro delegado de Fomento e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

"I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- Mediante resolución do 19.12.2019 do Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural foi aprobada a concesión directa, mediante resolución, Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, dirixidas ao fomento a promoción dos investimentos en infraestruturas relacionadas coas explotacións e, en particular, a mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade ás explotacións agrarias. Entre a tipoloxía de actuacións previstas, atópase a de reforzo de firmes coa incorporación de novas capas máis axeitadas ás características .

No Anexo II figura o listado dos concellos beneficiarios e as correspondentes asignacións. O Concello de Vigo figura cunha asignación total de 57.221,00 €, distribuídas en dúas anualidades, 28.610,50 € na anualidade do 2020 e 28.610,50 € en 2021.

Non serán elixibles os seguintes gastos:

1. As partidas a tanto global.
2. O imposto do valor engadido (IVE)
3. Os gastos correspondentes a actuacións que inclúan obras de iluminación, abastecemento e saneamento de augas fecais..
4. Os gastos de redacción de proxecto nin os de estudos necesarios para a súa redacción.
5. Gastos por dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, seguimento arqueolóxico ou calquera outro servizo complementario necesario.
6. Gastos por taxas ou licenzas necesarias.
7. O cartel de obra.

As obras ás que o Concello de Vigo pretende aplicar a cantidade asignada son as de "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO CAMIÑO DA ARROUBA (ZAMÁNS)".

Entre os gastos citados como non elixibles no PLAN, o Concello de Vigo terá que soportar os correspondentes ao imposto do valor engadido (IVE), ademais do cartel de obra, necesario para dar cumprimento á obriga de publicidade, nos termos previstos no punto quinto do anexo III da Resolución do 19 de decembro de 2019, para a concesión directa, mediante resolución, do Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

2.- Previo informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 05.03.2020, e o pertinente informe xurídico



Concello de Vigo

con proposta de resolución asinado en datas 05.03.2020 e 06.03.2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 09.03.2020 aprobou o proxecto de “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO CAMIÑO DA ARROUBA (ZAMÁNS)”, redactado polos Enxeñeiros Municipais de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E OITO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (88.294,75 €) e data febreiro de 2020 e sinatura dixital de data 05.03.2020.

3.- Na mesma data, a Xunta de Goberno Local, acordou entre outros, aprobar a participación do Concello de Vigo no “Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, aprobado por resolución do 19 de decembro de 2019 polo Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural” xunto coa solicitude do Concello de Vigo de participar no citado Plan.

4.- En data 02.07.2020, recíbese notificación de resolución de concesión de axuda a favor do Concello de Vigo, ao abeiro do Plan De mellora De Camiños Municipais De Acceso a Parcelas Agrícolas 2020-2021, por importe de 57.221,00 €, coa seguinte distribución por anualidades:

2020	2021
28.610,50 €	28.610,50 €

5.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 09.03.2020, que se corresponde co expediente administrativo 4029/440, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños asinado dixitalmente en data 05 de marzo de 2020.
- Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos e Obras e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento en data 31.07.2020.
- Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 31.07.2020.
- Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 07.08.2020.

- e) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 10.08.2020.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 19.08.2020.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de contratación de data 19.08.2020.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), e a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Xustifícase a adecuación do proxecto as disposicións de carácter legal e regulamentario, así como á normativa técnica de aplicación (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 27.02.2019), e o cumprimento da normativa sectorial e a non necesidade de autorizacións sectoriais. Consta a elección do procedemento de licitación, aberto e tramitación urxente, así como a súa xustificación na memoria elaborada ao efecto.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non



Concello de Vigo

afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

A proposta atópase contemplada dentro dos créditos vixentes no actual orzamento, e así mesmo e o seu financiamento atópase vinculado á concesión da axuda ao abeiro do “Plan de Mellora de camiños municipais 2020-2021”, outorgada mediante Resolución do 19.12.2019 do Director Xeral da Axencia Galega de Desenrolo Rural. Xustifícase a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da actuación proposta.

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a declaración da **tramitación de urxencia** do expediente para contratar a execución das obras do proxecto de “**MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO CAMIÑO DA ARROUBA (ZAMÁNS)**” redactado polos Enxeñeiros Municipais de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.08.2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de OITENTA E OITO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (88.294,75 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 15.323,88 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.210.00.07 (Reforzo firme Camiño da Arrouba -Zamáns) a nivel de bolsa de vinculación

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(705).- PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSORES E OUTROS MEDIOS MECÁNICOS DE ACCESIBILIDADE E MOBILIDADE EN EDIFICIOS CONSTRÚIDOS, DE USO RESIDENCIAL COLECTIVO E DOTACIONAL. EXPTE. 103457/421.

Visto o informe xurídico de data 12/08/2020, o informe de fiscalización do 18/08/2020 e o acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, sesión do 01/09/2020, dáse conta do informe-proposta asinado en data 11/08/2020, pola técnica de Admon. Xeral e polo xerente da XMU e así mesmo en data 24/08/2020, pola concelleira-delegada de Urbanismo, que di o seguinte:

“I. ANTECEDENTES DE FEITO

Na data 21/02/2020 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo acorda incoar o presente expediente administrativo; tramitándose dende a Oficina de Licenzas da Xerencia Municipal de Urbanismo baixo o número 103457/421, dándosele conta ó Consello da Xerencia de Urbanismo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 03/03/2020 toma coñecemento do inicio das actuacións previas á elaboración da presente Ordenanza consistentes na apertura do trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para a elaboración e aprobación da *“Ordenanza reguladora para a instalación de ascensores en fachada de edificios construídos de uso residencial no termo municipal de Vigo”*, a través do enderezo <https://consulta.vigo.org>, durante o prazo de **vinte días**, por remisión do artigo 83 do mesmo corpo legal, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo I do dito acordo.

En data 04/03/2020 publícase na sede electrónica e no portal de transparencia do Concello de Vigo o borrador da presente Ordenanza, comenzando o prazo de vinte días hábiles para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións a 05/03/2020.

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19 na súa Disposición adicional terceira interrompe os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público advirtindo que reanudarasen no momento no que perda vixencia o real decreto ou as prórrogas do mesmo.



Concello de Vigo

Non obstante o exposto; o apartado 4. da Disposición adicional terceira do mesmo Real Decreto 463/2020, segundo redacción modificada polo Real Decreto 465/2020, sinala,

“Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que ... sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”.

Por resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, en data 28/04/2020, acorda a continuación do procedemento administrativo incoado para a redacción dunha Ordenanza para a instalación de ascensores en fachada en edificios construídos de uso residencial colectivo e dotacional abrindo a continuación do prazo para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións mais representativas potencialmente afectados pola futura Ordenanza.

En data 22/04/2020 publícase na sede electrónica e no portal de transparencia do Concello de Vigo a reanudación do prazo de vinte días hábiles para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións. Deixase constancia na sede electrónica e no portal de transparencia, que dito prazo finaliza a 12/05/2020.

Durante o prazo de exposición pública do borrador da presente Ordenanza, a Asociación Empresarial Galega de Ascensores (AEGA) presenta suxerencias na data 23/03/2020 no rexistro web da XMU. (cod sol. W425932-5811) Así mesmo, e xa fóra de prazo, presenta suxerencias a 15/05/2020 o técnico Domingo Couto Toucedo.(cod sol. W431787-7619)

II. MARCO NORMATIVO

As Ordenanzas municipais son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns e contitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais (art. 4.1 a) da LRBRL e do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), 6.1 da lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA) e segundo o procedemento previsto no artigo 133 da lei 39/2015 do 1 de Outubro do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) en relación ao disposto no artigo 26 da lei 50/1997 de 27 de novembro do Goberno para a elaboración das normas regulamentarias modificada pola disposición final 3ª da lei 40/2015 de 1 de Outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

III. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN

En virtude da potestade regulamentaria que teñen atribuída os entes locais consonte cos artigos 25 e 26 e título IX da LRBRL, a competencia para a aprobación dos proxectos de Ordenanzas correspóndelle á Xunta de Goberno Local (art 127.1) e ao Pleno Municipal a aprobación, inicial e definitiva, das Ordenanzas e Regulamentos Municipais (art 123.1) .

O procedemento para a aprobación da Ordenanza de conformidade coa LRBRL e o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo publicado no BOP nº114 de 15/06/2016 e o seguinte:

1. Aprobación do proxecto de Ordenanza pola Xunta de Goberno Local
2. Ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (actuando coma comisión informativa do Pleno en materia urbanística)
3. Aprobación incial polo Pleno por maioría simple.
4. Información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e / ou suxestións.
5. Aprobación definitiva por maioría simple do Pleno do Concello de Vigo con pronunciamento sobre as reclamacións e / ou suxestións presentadas en tempo e forma.

De non presentar reclamacións e / ou suxestións no prazo indicado, entenderase elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación incial, coma así resulta do disposto nos artigos 49.c) da LRBRL e 76 e seguintes do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo aprobado definitivamente a 30/05/2016 (BOP nº114 de 15/06/2016), debéndose publicar no BOP o texto íntegro da Ordenanza.

Segundo o artigo artigo 133 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, foi sometida a consulta pública a través do portal web a presente modificación para recadar a opinión dos suxeitos e organizacións afectadas. A presente Ordenanza axústase ao procedemento disposto no artigo 26 da lei da lei 50/1997 de 27 de novembro do Goberno para a elaboración das normas regulamentarias modificada pola disposición final 3ª da lei 40/2015 de 1 de Outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

IV PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ao Pleno da Corporación, por proposta do Consello de Xerencia da XMU e previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

-PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Ordenanza para a instalación de ascensores e outros medios mecánicos de accesibilidade tanto en fachadas coma en interior de edificios construídos de uso residencial colectivo e dotacional que coma Anexo I se incorpora á presente resolución.

-SEGUNDO: Proceder á apertura dun período de información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo de trinta (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e/ou suxestións.



Concello de Vigo

-TERCEIRO: De non presentarse reclamacións ou suxestións no período de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio, procedéndose a publicación do texto íntegro da Ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación de conformidade co disposto no artigo 70.2 da LRBRL e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo corpo legal.

Non obstante, este informe proposta non é vinculante e a Xunta de Goberno Local e o Pleno da Corporación decidiran co seu superior criterio, o que estimen oportuno.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I.

Anteproxecto de Ordenanza para a instalación de ascensores e outros medios mecánicos de accesibilidade tanto en fachadas coma en interior de edificios construídos de uso residencial colectivo e dotacional.

PREÁMBULO

I. “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadás na vida política, económica, cultural e social.”

O artigo 9.2 da Constitución refunde a finalidade subxacente da actividade pública concretada na idea de procurar unhas condicións obxectivas de integración dos cidadás; por outra banda a configuración do Estado como “social” esixe a intervención dos poderes públicos para que a igualdade dos individuos sexa efectiva. Dende esta visión a eliminación de obstáculos arquitectónicos de accesibilidade e mobilidade é unha aposta das Administracións o fin de acadar unha digna calidade de vida.

O Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU), no artigo 3.3.e) sinala, “Os poderes públicos ... desenvolverán, no medio urba técnica ou economicamente viable no, as políticas da súa respectiva competencia, de acordo cos principios de ... sustentabilidade ... social En particular: garantirán o acceso universal dos cidadás, de acordo cos requirimentos legais mínimos, os edificios ...”

II. No marco descrito o TRLSRU no artigo 24.4 indica, “Será posible ocupar as superficies de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores u outros elementos que garantan a accesibilidade universal cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución, e sempre que quede

asegurada a funcionalidade dos espazos libres, dotacións e demais elementos do dominio público". En idéntico xeito pronúnciase o artigo 13.2 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación Urbanas en Galicia.

Nos preceptos transcritos os lexisladores estatais e autonómicos dan resposta a un baleiro legal e a unha demanda reclamada pola mais elemental idea de mobilidade vertical e polo dereito de todo cidadá a desfrutar dunha vivenda digna e accesible entendendo este término, non coma accesibilidade económica -cuestión que corresponde ás políticas de vivenda protexida- senón como accesibilidade funcional.

III. O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal do afastado 1993 (PXOM 1993) non garante na súa normativa nin nas súas previsións unha solución á problemática de accesibilidade dos edificios carentes de ascensor, elo non impide que o Concello de Vigo -poder público comprometido coas políticas de accesibilidade- o fin elevar a calidade de vida dos seus cidadás, no marco da súa competencia no outorgamento de licenzas urbanísticas, artigo 143.2. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e no uso da súa potestade regulamentaria, artigo 4 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, desenvolva unha resposta mediante unha norma que posibilite actos de edificación (torre ascensor) en solos de dominio público ou privado o fin de correxir efectos dispares no disfrute dos dereitos garantidos na Constitución.

A presente Ordenanza -complementaria ás de edificación do vixente PXOU 1993- debe entenderse como unha norma especial para o desenvolvemento dos artigos 3.3 e 24.4 do R.D. Lex. 7/2015 e como a materialización dunha política de colaboración da Administración municipal desenvolta dende o seu compromiso co principio de igualdade material, artigo 9.2 Constitución, no seu concepto mais amplo pois garante a prevalencia da accesibilidade (interese particular) fronte a utilización do voo do solo público (interese xeral) conforme ás necesidades básicas dos individuos; a tal fin impulsa e estimula a instalación dun equipamento esencial (ascensor) no uso residencial colectivo.

IV. A Ordenanza segue a síntese das que en similar sentido teñen aprobado outras grandes cidades, neste sentido mostra tres obxectivos básicos, (i) incorpora as previsións normativas ditadas con posterioridade á aprobación do vixente Plan Xeral, en concreto o TRLSRU que, como se ten exposto, permite a ocupación de superficies de espazos libres ou de dominio público indispensables para a instalación de ascensores; (ii) concreta as condicións técnicas e xurídicas que resultan de aplicación na instalación das torres de ascensor no marco da referida normativa; (iii) disciplina o procedemento formal para a tramitación das solicitudes o obxecto de asegurar unha actuación uniforme dos servizos municipais que redunde en eficiencia e axilidade ofertando un marco de seguridade xurídica.

Na normativa de aplicación subxace a pretensión de favorecer a accesibilidade universal sen distinguir o solo nin polo o seu destino nin pola a súa titularidade; no sentido exposto a Ordenanza incorpora a posibilidade de torres de ascensor sobre espazos libres privados aos que se lles aplicarán as condicións xerais establecidas para as torres en espazo público; tamén menciona a posibilidade da instalación de ascensor no interior dos edificios e a posibilidade de outorgar licenzas sobre espazos de dominio público ou privados para a instalación doutros axustes razoables de pequena entidade.



Concello de Vigo

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

É obxecto da presente Ordenanza garantir e fomentar no ámbito do término municipal de Vigo o cumprimento das medidas de igualdade material que permitan o acceso e a utilización das edificacións conforme ás condicións básicas de accesibilidade e non discriminación; a este efecto regula as condicións técnicas, urbanísticas, administrativas e procedementais no suposto de autorización de instalación dunha torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso residencial colectivo ou dotacional así coma de determinados elementos que permitan realizar axustes razoables tales como rampas, plataformas elevadoras e outros medios mecánicos similares en edificacións que, carecendo das mesmas ou non reunindo as condicións de accesibilidade ou mobilidade, deban instalarse ocupando espazos libres ou de dominio público de titularidade municipal.

É tamén obxecto da Ordenanza a instalación de ascensores e outros medios mecánicos similares relativos a facilitar a accesibilidade e mobilidade en solo privado exterior o edificio ou no interior do mesmo.

Artigo 2. Réxime xurídico.

1. A instalación da torre ascensor ou dos restantes medios de accesibilidade e mobilidade coma rampas, plataformas elevadoras e outros medios mecánicos similares, ben sexa sobre terreos de dominio público ou de propiedade privada, rexerase polo disposto na presente Ordenanza mediante a cal desenvólvese o previsto nos artigos 3.3 e 24.4 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana; pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia; polo Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e pola normativa técnica de aplicación.

2. As obras precisas para a instalación destes elementos de mobilidade e accesibilidade no interior do edificio encádranse, segundo Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia, nas de *adecuación funcional de edificio*; son obras que afectan aos elementos comúns da edificación e que teñen por obxecto proporcionar ao edificio mellores condicións no relativo aos requisitos básicos do Código Técnico da Edificación ou mellorar as súas condicións de accesibilidade.

Os promotores das actuacións previstas nesta Ordenanza atópanse excepciónados do cumprimento exacto das condicións de habitabilidade se, como consecuencia da configuración física da edificación ou de singulares determinacións do planeamento, resultase imposible o cumprimento íntegro das determinacións destas normas.

3. Respecto ao procedemento para a súa tramitación administrativa, no non previsto nesta Ordenanza estarase ao disposto na Ordenanza Municipal de Tramitación de Licenzas Urbanísticas e outras formas de intervención administrativa de 28 de outubro de 2013 ou norma que a substitúa.

Artigo 3. Conceptos urbanísticos. Edificio existente; torre de ascensor; axustes razoables.

1. *Edificio existente.* A efectos desta Ordenanza teñen a consideración de edificios existentes aqueles cuxa solicitude de licenza de obras sexa anterior á entrada en vigor do Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación (CTE) en materia de accesibilidade, entendéndose que os edificios cuxa solicitude de licenza sexa posterior á devandita norma cumpren as condicións de accesibilidade polo que non poderán acollerse o previsto nesta Ordenanza sen prexuízo de ser susceptibles de axustes razoables.

Teñen tamén a consideración de edificios existentes aqueles construídos con anterioridade o ano 2010, aínda que non se teña constancia da solicitude de licenza.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación os edificios existentes de usos e tipoloxías diferentes o de residencial de vivendas colectivas e equipamento de carácter público.

2. *Tipoloxía residencial.* Aos mesmos efectos, considérase edificio de tipoloxía residencial de vivenda colectiva o composto por máis dunha vivenda, sen prexuízo de que poida conter outros usos distintos do residencial.

3. *Torre ascensor.* A efectos desta Ordenanza ten a consideración de torre de ascensor a construción ou instalación integrada polo espazo necesario para a maquinaria e o recinto ou espazo vertical por onde se despraza a cabina do ascensor, as plataformas de embarque e desembarque do mesmo, así como as superficies complementarias que, no seu caso, resulten imprescindibles dispoñer para establecer a comunicación entre as plataformas e o núcleo de comunicación vertical resultante da actuación.

As torres de ascensores e os demais elementos de accesibilidade regulados nesta Ordenanza tales como ramplas, plataformas elevadoras e similares dado o seu interese xeral e prevalente sobre outros aspectos da ordenación urbanística, non computan a efectos de edificabilidade, ocupación de parcela, volume máximo edificable, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento das aliñacións; tampouco supoñen alteración dela cualificación do solo. Consecuencia do anterior poderán instalarse en edificios que teñan esgotado a edificabilidade máxima asignada no correspondente Plan.

As torres ascensores e aos demais elementos de accesibilidade e mobilidade non lles resultarán de aplicación as condicións de posición da edificación establecidas no planeamento urbanístico.

4. *Ascensor.* A efectos desta Ordenanza entenderase por ascensor calquera aparello de elevación destinado ao transporte de persoas que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 2 da Instrución Técnica Complementaria AEM 1 "Ascensores" aprobada por Real Decreto 88/2013, do 8 de febreiro.

5. *Axustes razoables.* Os efectos desta Ordenanza enténdese por axustes razoables en materia de accesibilidade aquelas modificacións e adaptacións necesarias que garantan a



Concello de Vigo

todas as persoas o exercicio do dereito de accesibilidade en condicións de igualdade sempre que non impoñan unha carga desproporcionada.

Conforme o artigo 10.1.b) da Lei 49/1960, 21 de xullo, da Propiedade Horizontal (LPH), será desproporcionada a carga cando custo da instalación a realizar, descontadas as posibles subvencións ou axudas públicas percibidas, exceda na súa repercusión anual, de doce mensualidades ordinarias de gastos comúns. Cumprindo a condición exposta as obras e actuacións necesarias para garantir axustes razoables en materia de accesibilidade universal teñen carácter obrigatorio.

Artigo 4. Condicións xurídicas para a implantación de torres de ascensores e demais medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade.

1. A instalación de torres de ascensores ou doutros elementos como ramplas ou plataformas elevadoras nas condicións previstas nesta Ordenanza está suxeita a licenza urbanística ou comunicación previa.

2. A obtención de título habilitante, no caso de que a instalación sexa urbanisticamente viable, outorgarase salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución para garantir as condicións básicas de accesibilidade será posible ocupar as superficies de espazos libres privados que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos mecánicos, así como superficies comúns de uso privativo tales como vestíbulos, descansillos, zonas de circulación ou paso, sobrecubertas, voladizos, soportais e outros espazos libres tanto se se sitúan no chan, como no subsolo ou no voo; asegurarse sempre a funcionalidade dos espazos libres.

Cando a torre de ascensor ou demais elementos de accesibilidade e mobilidade regulados nesta Ordenanza deba executarse ocupando espazos libres ou de dominio público de titularidade municipal, a súa autorización conlevará a cesión de uso do voo na porción de espazo libre ou de dominio público municipal necesario para a súa instalación e polo tempo no que se manteña a edificación; e concluirá anticipadamente cando un interese público acreditado considere necesaria a súa extinción.

3. Os efectos desta Ordenanza considerarase dominio público:

Solo demanial de titularidade e uso público.

Solos patrimoniais adscritos a un uso ou servizo público por máis de 30 anos.

Solos nos que se atope constituída unha cesión de uso público de superficie.

4. Cando para a instalación de torres de ascensores e demais elementos de accesibilidade e mobilidade regulados nesta Ordenanza sexa necesaria a ocupación de terreos de dominio público non municipais será necesario a autorización da Administración titular do solo, neste suposto a Administración municipal poderá solicitar da Administración titular a cesión de uso do espazo que resulte necesario.

TÍTULO I

Condições para a instalación de ascensores e outros medios de accesibilidade e mobilidade

Artigo 5. Xustificación e condicións xerais de emprazamento de torres ascensor en fachada.

1. Nos edificios construídos de uso residencial colectivo poderase autorizar a instalación de torres de ascensores encostadas ás fachadas ben ocupando espazos libres ou de dominio público (vías públicas), ben ocupando espazos privados, cando na solicitude de licenza xustifíquese que, polas características da edificación, tal solución é a única técnica ou economicamente viable para a corrección da carencia de accesibilidade universal e que dita solución, no caso de uso residencial colectivo, non afecta nin ás vivendas nin aos locais existentes.

En todo caso xustificárase que a instalación de ascensor non é posible no interior do edificio ben no oco de escaleras, ben no patio interior xa sexa aberto ou de luces. Entenderase que non é posible a instalación do ascensor no interior do edificio nalgún dos seguintes casos:

- a. Cando non exista espazo suficiente nas zonas comúns ou no oco de escaleiras.
- b. Cando non sexa posible garantir o cumprimento das esixencias básicas do CTE e os seus documentos de apoio.
- c. Cando a instalación afecte a elementos ou espazos obxecto de protección.
- d. Cando non sexa posible a ocupación de zonas privativas conforme á LPH

A autorización outorgárase considerando o mantemento da edificación e que dela non se deriva deterioro significativo da funcionalidade e calidade urbana do espazo libre, das redes de infraestruturas e servizos existentes nin das dotacións e demais elementos de dominio público afectados.

Os servizos urbanos existentes serán retranqueados fora do espazo ocupado pola instalación.

2. A solución adoptada integrarase coa fachada do edificio no referente á forma e dimensións da torre de ascensor e dos materiais empregados.

3. A solución permitirá o funcionamento do espazo público en relación coa rede viaria, uso peonil e accesibilidade. Quedará garantido o acceso de vehículos de emerxencia.

A solución para a instalación da torre no exterior do edificio observará un ancho mínimo de paso de 1,50 metros. Excepcionalmente reducirase a 1,20 metros no suposto que as características do espazo público fágao inviable.

4. Aplicaranse as medidas de sinalización establecidas na normativa de accesibilidade.



Concello de Vigo

Artigo 6. Condicións particulares da instalación de torres ascensor na fachada dos edificios.

1. *Características.* Non permitirase a instalación de ascensores de velocidade igual ou inferior a 0,15m/s se han de servir mais de dous niveis ou a un percorrido superior de a 3,20 metros; estarán dotados de sistemas de tracción que garantan un baixo consumo eléctrico; evitarase a instalación de ascensores hidráulicos agás por razóns excepcionais e construtivas.

2. *Acceso.* O acceso ou desembarque ao ascensor no interior da edificación resolverase mediante comunicación directa a través de zonas comúns de circulación coa escaleira do inmobile e portal evitando, na medida do posible, banzos no percorrido desde a cabina ata a porta de vivendas. A nivelación (enrase) nos accesos será perfecta.

Dotarase aos núcleos de comunicación das condicións de ventilación e iluminación suficientes conforme o establecido no CTE. En casos excepcionais poderase localizar un pequeno vestíbulo exterior en nivel de rúa no acceso á cabina do ascensor.

3. *Distancia a fachadas.* Dependerá en cada caso da disposición do ascensor sobre o espazo público.

4. *Distancia a xanelas.* Evitarase que as actuacións incidan negativamente nas condicións de salubridade e hixiene das dependencias vivideras existentes no edificio ou nos edificios lindeiros.

Os documentos gráficos do proxecto reflectirán a disposición de todas as xanelas das vivendas que ventilan ou iluminan a través dos espazos onde poida existir incidencia da torre ascensor indicando o uso das devanditas estancias.

Son dependencias vivideras o conxunto de pezas nas que desenvólvese a vida dos ocupantes da vivenda que teñen obrigatoriamente iluminación e ventilación natural ao exterior. Son pezas vivideras as estancias e as cociñas.

Considerarase que non existe dita incidencia negativa cando pódase verificar que:

a. Non se produce ningunha interferencia de luces rectas entre a instalación de ascensor e os ocos de xanela existentes na fachada do edificio.

b. A distancia mínima entre o plano das xanelas polas que ventilan ou se iluminan as dependencias vivideras afectadas e o plano de cerramento do ascensor será de 1,00 metro. Excepcionalmente poderase reducir a distancia se o uso da dependencia vividera é de baño, aseo ou corredor.

5. *Acabados exteriores e peche perimetral.* Serán acordes cos materiais e cores das edificacións existentes; serán duradeiros, integrados coa contorna e de aspecto lixeiro o fin de xerar o menor impacto visual. Procurarase o uso de elementos permeables á luz e ao aire en todo caso o cerramento impedirá introducir obxectos ou extremidades no oco do ascensor.

6. *Instalacións*. Dispoñeráse da instalación de recollida e evacuación de augas pluviais ata a rede pública. Non realizaranse actuacións antiestéticas, inconvenientes ou lesivas non integradas tales como condutos eléctricos ou de telecomunicacións encostados á fachada visibles desde a vía pública; instalaranse baixo molduras, canalizacións ou condutos integrados na fachada.

7. *Cuarto de máquinas*. Situarase en todo caso no interior do volume da edificación ou sobre o recinto de percorrido da cabina sendo accesible desde zonas comúns; cumprirá as condicións de illamento acústico previstas na normativa municipal sobre Protección do Medio Ambiente e contra ruidos e vibracións. Permitiranse casetóns que deban localizarse por riba das pendentes de cuberta e sexan obrigatorios en virtude da normativa sectorial.

8. *Obras de urbanización*. Os remates de execución de obras de urbanización a realizar no espazo público, tales como pavimentado e bordos, entre outros, utilizarán materiais de idénticas calidades e características aos existentes. As obras complementarias de urbanización asegurarán o mantemento e correcto funcionamento das redes de infraestruturas e servizos urbanos que, no seu caso, discorran por estes espazos, garantindo coas modificacións necesarias que se mantén e resolve axeitadamente o interese público destes espazos. A estes efectos depositarase con carácter previo á obtención da licenza ou título que corresponda, fianza ou aval bancario que garanta a reposición dos servizos urbanísticos que puideran verse afectados pola execución das obras.

Cando a afectación ao dominio público supoña a alteración das infraestruturas ou as condicións e características do mobiliario urbano, prazas de aparcamento ou plantacións situadas naquel os custos de modificación serán asumidos polos propietarios do edificio no que se solicite implantar o ascensor.

Artigo 7. Ascensores no interior dos edificios.

1. Comprende aquelas situacións posibles que non modifican o sólido capaz orixinal do edificio, é dicir, non se altera o fondo edificado do inmovible, nin as fachadas, nin este sofre unha distorsión perceptible desde o exterior salvo a eventual aparición do casetón da maquinaria nos planos de cuberta. Ditas situacións poden ser:

- a. No interior do edificio, preferentemente na caixa de escaleiras.
- b. En patio interior. Situación que comprende tanto os patios de luces como os patios abertos a fachada, pero sempre ao interior dos planos que configuran as fachadas orixinais do edificio.
- c. En situacións especiais. Situación concreta e particular que deberá explicarse no proxecto.

2. Permítese unha redución da dimensión mínima do patio resultante que estivese establecida con carácter xeral pola normativa urbanística ou sectorial de aplicación; en todo caso a superficie do patio resultante redución non será inferior o 25% da dimensión mínima establecida con carácter xeral para os patios na normativa urbanística.



Concello de Vigo

3. Non serán de aplicación as alturas libres mínimas en función dos usos regulados na normativa urbanística podendo manter as alturas existentes. No caso de que sexa indispensable unha redución da altura admitiranse alturas libres mínimas de ata 2,40m en usos residenciais e espazos comúns de circulación do uso residencial e de 2,10m en zonas de circulación de uso garaxe-aparcamento, podendo chegar a 2,00m en prazas de aparcamento e rochos. Estas reducións non superarán o 20% da superficie útil do recinto considerado.

4. Poderán eliminarse as prazas de aparcamento e/ou rochos imprescindibles, aén incumprindo á dotación mínima de prazas de garaxe aparcamento e rochos dos usos residenciais imposta como obriga na licenza de construción da edificación. Ademais da necesaria xustificación técnica, será requisito indispensable contar coa conformidade do propietario do elemento que se elimina.

5. En todo caso a instalación dun ascensor interior non supoñerá a desaparición dos ocos de acceso ao patio salvo que se acredite que é imprescindible a súa desaparición para tal instalación, neste caso deberán dispoñerse ocos substitutivos ou, en todo caso, medios alternativos para o acceso ao patio.

6. No suposto que a instalación dun ascensor no interior do edificio imposibilite a escaleira do mesmo conforme á normativa técnica aplicable poderase autorizar a instalación de torres de escaleiras encostadas ás fachadas ocupando espazos libres ou de dominio público (vías públicas). As torres de escaleiras, dado o seu interese xeral e prevalente sobre outros aspectos da ordenación urbanística, non computan a efectos de edificabilidade, ocupación de parcela, volume máximo edificable, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento das aliñacións; tampouco supoñen alteración da cualificación do solo.

Artigo 8. Instalación de ramplas e plataformas elevadoras.

1. As ramplas e plataformas elevadoras poden colocarse:

a. De forma preferente, no interior da edificación, ben sexa en zonas comúns ou, no caso de que fose imprescindible, con afección a propiedades particulares.

b. Cando a colocación dos devanditos elementos no interior do edificio sexa inviable técnica ou economicamente, ou resulte incompatible co grao de protección do mesmo, as persoas interesadas poderán solicitar a instalación destes elementos polo exterior do edificio, ocupando espazos privados de uso público ou espazos públicos, quedando suxeitas á pertinente autorización municipal, ou da administración titular, para a súa ocupación.

2. Toda solución exposta debe integrarse formalmente coa fachada do edificio no referente á súa composición, forma e dimensións, materiais e cores empregadas. Así mesmo, debe asegurarse a funcionalidade dos espazos libres, redes e infraestruturas e servizos urbanos, dotacións públicas e demais elementos do dominio público que puidesen verse afectados, en particular os percorridos peonís e rodados e que en todo caso queda garantido o acceso para vehículos de emerxencia.

3. No caso de que a proposta contemple a localización en solo de uso público deberá xustificarse, achegando e detallando as razóns que, no seu caso, impidan a localización no interior do edificio. Para a localización dos devanditos elementos polo exterior da edificación, sobre espazos de dominio privado ou público, quedando sometidos á previa obtención de licenza urbanística e de calquera outro título habilitante necesario.

4. Os servizos técnicos municipais poderán, á vista dos argumentos achegados, requirir a información ou documentación que consideren precisa sobre calquera emprazamento posible, todo iso con obxecto de perfeccionar a proposta en canto á súa localización definitiva.

Artigo 9. Seguridade de utilización e accesibilidade. Seguridade en caso de incendio.

1. No referente ás condicións de seguridade de utilización e de accesibilidade a instalación dunha torre ascensor nun edificio existente aterase ao establecido no CTE así como ás Ordenanzas municipais sectoriais de aplicación.

2. Co fin de garantir a accesibilidade universal deberase dispoñer dun itinerario accesible que comunique a cabina do ascensor tanto coa vía ou espazo público como coas vivendas segundo a definición establecida no Documento Básico de Seguridade de Utilización e Accesibilidade (DB SUA) do CTE.

3. Cando se dean as circunstancias de inviabilidade de cumprimento do CTE ou dos seus documentos interpretativos propoñeranse solucións alternativas e autorizaranse modificacións no trazado das escaleiras non estritamente axustadas ás disposicións específicas da normativa vixente en materia de accesibilidade atendendo á mellora na accesibilidade xeral que representa a torre ascensor; tal solución non supoñerá o incumprimento da normativa vixente de Protección contra Incendios.

4. No referente ás condicións de seguridade en caso de incendio, a instalación dunha torre ascensor nun edificio existente aterase ao establecido no CTE así como ás Ordenanzas municipais e sectoriais de aplicación.

5. As obras de mellora da accesibilidade mediante torre ascensor no exterior dun edificio existente non reducirán as condicións esixibles de aproximación dos vehículos de emerxencia á contorna do edificio ou os seus lindeiros nos termos establecidos pola lexislación aplicable.

6. Nos casos de edificios de vivenda colectiva nos que se autorize a instalación de torre ascensor e que carezan das instalacións de iluminación, sinalización de emerxencia e extintores conforme a normativa, esixirase a colocación destes elementos nos percorridos de evacuación con independencia doutras melloras que poidan resultar obrigatorias en cumprimento do CTE.



Concello de Vigo

TÍTULO II

Normas sobre procedemento

Artigo 10. Procedemento e solicitude de licenza de torres ascensores ou outros medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade no exterior dos edificios.

1. En todo caso será preciso tramitar expediente de solicitude de licenza urbanística para a instalación de torres de ascensores ou outros medios de accesibilidade e mobilidade no exterior dos edificios, ocupen ou non, espazos de dominio público, axustándose ao procedemento definido na norma reguladora de tramitación de licenzas urbanísticas coas especialidades previstas nesta Ordenanza.

2. O procedemento iniciarase mediante a presentación da solicitude de licenza urbanística en modelo normalizado. A solicitude acompañarase da documentación xeral prevista na Ordenanza reguladora para a tramitación de licenzas urbanísticas no procedemento de licenza de reestruturación e considerando a documentación específica desta Ordenanza.

3. Nos supostos de edificios existentes sometidos ao réxime de propiedade horizontal, ademais da documentación xeral, achegarase certificación literal do acordo de instalación da torre ascensor expedida polo secretario ou administrador da Comunidade de Propietarios co visto e prace do presidente; tal certificación, ademais de mencionar que o acordo foi adoptado conforme as normas que rexen o funcionamento da Comunidade de Propietarios, mencionará a aprobación do proxecto de obras achegado á solicitude.

4. Se o inmovible non estivese sometido ao réxime legal de propiedade horizontal por non resultar obrigatorio conforme as normas de Dereito privado, ademais da documentación xeral esixible, farase constancia expresa desta circunstancia achegando o documento notarial ou rexistral que o acredite.

Artigo 11. Documentación específica.

1. Será esixible a seguinte documentación específica:

a) Memoria xustificativa subscrita polo técnico redactor do proxecto analizando e acreditando que a instalación do ascensor exterior é a única solución técnica ou economicamente viable conforme o sinalado no artigo 5.1 desta Ordenanza.

O estudo de inviabilidade económica considerará o sinalado no artigo 2.5 do Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

b) Proxecto de obras asinado polo técnico competente que, ademais da esixida regulamentariamente, incluíra as determinacións e documentación seguinte:

- Informe sinalando que o Proxecto cumpre coa normativa urbanística aplicable o coa sinalada nesta Ordenanza.

- Memoria descritiva da solución adoptada dende o punto de vista urbanístico, construtivo e compositivo.

- Reportaxe fotográfico do estado actual do edificio e o súa contorna e, no caso de edificios protexidos, fotocomposición da imaxe final.
- Orzamento da actuación.
- Plano a escala suficiente da contorna afectada grafiando percorridos peonís e rodados existentes e definindo a incidencia da torre de ascensor proxectada sobre os mesmos.
- Descrición e planos detallados recollindo a solución urbanística adoptada no caso de que a implantación da torre de ascensor produza interaccións coa urbanización existente ou afecte á viabilidade e/ou a elementos urbanos.
- Planos do estado actual e reformado da edificación en plantas, seccións e alzados.
- Memoria, planos e orzamento que definan o deseño final e as obras necesarias para a reposición e/ou reforma da vía pública ou zona verde afectada pola actuación indicando os servizos existentes e solución proposta.

2. Previamente á comunicación de inicio de obras o solicitante aportará carta de pago acreditativa do depósito do aval, ou o seu equivalente en metálico, referido á reposición o estado orixinal dos espazos públicos ou zonas verdes.

Artigo 12. Informes.

1. A Xerencia Municipal de Urbanismo emitirá informe técnico nos seguintes aspectos:

- a) Validación ou aceptación da Memoria xustificativa presentada analizando e acreditando que a instalación do ascensor exterior é a única solución técnica ou economicamente viable.
- b) Que da instalación non se deriva deterioro significativo da funcionalidade e calidade urbana do espazo libre, das redes de infraestruturas e servizos existentes nin das dotacións e demais elementos de dominio público afectados.
- c) Que o proxecto intégrase da documentación xeral esixida na normativa municipal e da específica desta Ordenanza.
- d) Que o proxecto cumpre as condicións particulares sinaladas na presente Ordenanza.

2. No suposto de que o ascensor se localize en terreos de dominio público municipal a Xerencia Municipal de Urbanismo dirixirase a Área competente en materia de Patrimonio ou á competente en materia de Parques e Xardíns aos efectos de que no prazo de dez días emitan informe determinando o custo de reposición da vía pública ou zona verde e dos elementos preexistentes aos efectos da constitución do aval para a súa reposición ao seu estado orixinal.

3. A Xerencia Municipal de Urbanismo dirixirase á Área competente en materia de Seguridade e Mobilidade nos casos en que a actuación incida no tráfico vial e peonil así como no acceso de vehículos de emerxencia á rede de hidrantes.



Concello de Vigo

4. Cando o edificio forme parte dun conxunto de similares características, a fin de salvagardar a unidade do conxunto urbano, o informe técnico prescribirá que o modelo autorizado sexa referente a instalacións futuras no mesmo ámbito.

5. Emitidos os informes técnicos emitirase informe xurídico considerando a normativa aplicable que conterà a proposta de Resolución en relación á solicitude formulada.

Artigo 13. Actuacións en edificios catalogados ou declarados BIC.

1. Nos edificios protexidos polo seu valor cultural nos que resulte necesaria a súa adaptación ás condicións mínimas de accesibilidade e esta entre en contradición coa normativa de protección do patrimonio cultural poderán autorizarse solucións alternativas ou innovadoras respecto ás esixencias técnicas que resulten sostibles e respectuosas coas características e elementos de valor cultural do edificio.

2. A concesión de licenza de torre ascensor en edificios incluídos no Catálogo do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar (PEEC) ou no Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello (PEPRI Casco Vello) requirirán informe favorable das respectivas Comisións Técnicas de Seguimento. A autorización supeditarase á determinación e execución das medidas que en cada caso estímense necesarias para a preservación e o mantemento dos inmobles nas condicións determinadas en dito réxime.

Outorgada a autorización do parágrafo anterior a proposta elevarase a informe do órgano autonómico competente na xestión do réxime de protección aplicable.

Artigo 14. Resolución.

1. O procedemento de licenza finalizará coa resolución. No caso de ser favorable, autorizará o emprazamento, as obras precisas e a instalación solicitada incluíndo a lexitimación para a ocupación privativa de espazos libres do dominio público conforme o réxime descrito na presente Ordenanza.

2. A licenza urbanística conterà como prescrición os seguintes aspectos:

Obriga de obter a conformidade das empresas subministradoras para a modificación das redes de servizos afectados pola instalación do ascensor, debendo dar cumprimento á solución final.

O custo das obras necesarias para o desvío do trazado dos servizos urbanos afectados así como os de retirada, instalación ou desprazamento dos elementos preexistentes na vía pública como mobiliario urbano ou sinalización, corresponderá o titular da licenza.

3. No caso de ascensores ou outros medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade universal tramitados mediante Comunicación Previa, estarase ó disposto no artigo 146 da lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia así coma nos artigos 360 e seguintes do Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu Regulamento e a

Ordenanza Municipal Reguladora Tramitación de Licenzas Urbanísticas e outras formas de intervención administrativa de 28 de outubro de 2013 ou norma que a substitúa.

Artigo 15. Inicio de obras. Inspección e supervisión das obras e instalacións.

1. O titular da licenza comunicará cunha antelación de 15 días a data de inicio de obra e/ou replanteo.
2. O Concello de Vigo inspeccionará a correcta execución das obras da instalación da torre de ascensor en fachada e supervisará as mesmas nos termos autorizados.

Disposición adicional primeira. Ascensores en solo privado exterior o edificio.

As disposicións e condicións xerais de instalación de torres de ascensores con ocupación do espazo público reguladas no Título Preliminar, I e II desta Ordenanza serán de aplicación á instalación de torres de ascensores en solos privados exteriores salvo as específicas para ocupación do espazo público, unha vez constatada a imposibilidade técnica ou económica da súa instalación no interior da edificación.

Cando non sexa técnica ou economicamente viable ou, no seu caso, incompatible co seu grao de protección, poderanse aplicar solucións alternativas que permitan alcanzar o maior grao de adecuación ás condicións de accesibilidade universal.

Disposición adicional segunda. Outros axustes razoables en materia de accesibilidade.

1. As previsións desta Ordenanza relativas as torres ascensor en espazos libres e de dominio público serán de aplicación ás pequenas actuacións dirixidas a salvar reducidos desniveis de acceso mediante ramplas ou mediante plataformas mecánicas ben inclinadas, ben verticais ou outros elementos análogos.
2. Cando, aínda considerando as tolerancias, resulte urbanística, técnica ou economicamente inviable alcanzar o cumprimento do CTE e os seus documentos interpretativos ou, no seu caso, iso resulte incompatible coa natureza da intervención ou co grao de protección do edificio, poderanse aplicar, baixo o criterio e responsabilidade do proxectista ou, no seu caso, do técnico que subscriba a memoria, aquelas solucións que permitan o maior grao posible de adecuación efectiva ás condicións básicas de accesibilidade.
3. A posible inviabilidade ou incompatibilidade de aplicación ou as limitacións derivadas de razóns técnicas, económicas ou urbanísticas xustificaranse no proxecto ou na memoria, segundo corresponda, e baixo a responsabilidade e o criterio respectivo do proxectista ou do técnico competente que subscriba a memoria. Na documentación final da obra deberá quedar constancia do nivel de prestación alcanzado e dos condicionantes de uso e mantemento do edificio, se existen, que poidan ser necesarios como consecuencia do grao final de adecuación efectiva alcanzado e que deban ser tidos en conta polos propietarios e usuarios.



Concello de Vigo

Disposición adicional terceira. Modificación da Ordenanza fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público.

Engádase no artigo 1, Feito Impoñible, da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público un apartado 2 co seguinte contido:

2. Non constituirá feito impoñible para o devengo de taxa polos aproveitamentos especiais sinalados no apartado a) do artigo 1 a instalación o servizo da edificación de torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso dotacional ou residencial colectivo que carezan de instalación de ascensor.

Disposición transitoria primeira. Axudas para a instalación de torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso residencial colectivo

Para facilitar os obxectivos contemplados nesta Ordenanza poderán establecerse axudas públicas a través das actuacións subvencionables acollidas aos programas que convoque o Concello de Vigo de conformidade coas bases reguladoras que ao seu efecto se establezan.

Disposición transitoria segunda. Procedementos iniciados

Os titulares de procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza poderán desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa, sempre que o poñan de manifesto antes da resolución do procedemento. En caso contrario, continuarase coa tramitación segundo a normativa que lle resultase de aplicación.

Disposición final primeira. Interpretación da Ordenanza.

As mencións na presente Ordenanza a normas específicas entenderase extensiva á norma que por promulgación posterior a substitúa.

Corresponde á concellería delegada da Área competente en materia Urbanismo a coordinación das actuacións comúns que se realicen para desenvolver a aplicación desta Ordenanza e fixar mediante Instrución os seus criterios interpretativos.

As definicións dos conceptos regulados nesta Ordenanza serán interpretados e aplicados conforme á Lei 1/2019, do 22 abril, de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación Urbana de Galicia e conforme o Decreto 143/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

Disposición final segunda. Publicación e entrada en vigor.

Conforme o artigo 65 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, a presente Ordenanza entrará en vigor aos quince días da recepción do acordo de aprobación na Administración do Estado e na Administración da Comunidade Autónoma.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Adxudicación do procedemento aberto de servizos de actuacións musicais no “Ciclo de bandas de música ao son das Festas de Vigo”. Expte. 8507/335.
- .- Adxudicación do procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de Cultura. Expte. 2644/341.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fóra da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

7(706).-ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO DE SERVIZOS DE ACTUACIÓNS MUSICAIS NO “CICLO DE BANDAS DE MÚSICA AO SON DAS FESTAS DE VIGO”. EXPTE. 8507/335.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 09/09/2020, dáse conta do informe-proposta emitido pola Mesa de Contratación en data 09/09/2020, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto de servizos de actuacións musicais no “ciclo de bandas de música ao son das festas de Vigo” (8.507-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Declaración da urxencia do presente expediente.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do contrato do servizo de produción, asistencia técnica e servizos auxiliares para a realización de concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade dentro do Festival de Verán, con motivo do programa “Vigo en Festas 2020”- Festival de Verán.

Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 17 de xullo de 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 17 de xullo de 2020 pola Xefa do Servizo de Contratación do SERVIZO DE ACTUACIÓNS MUSICAIS NO “CICLO DE BANDAS DE MÚSICA “AO SON DAS FESTAS DE VIGO”A CELEBRAR CON MOTIVO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2020”

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 97.776,22 euros (IVE incluído). e sendo o valor estimado do contrato de 76.914,90 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo)

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de agosto de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto de servizos de actuacións musicais no “ciclo de bandas de música ao son das festas de Vigo” (8507-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO	70 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (G36855906), para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP), ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, o día 20 de agosto de 2020, que presenta a documentación requirida o 27 de agosto, dentro do prazo concedido.

Dado que o licitador achegou para acreditar a súa solvencia técnica unha declaración na que se inclúe, entre outros, a Organización do programa “Vigo un mar de bandas” coa Concellería de Cultura do Concello de Vigo por importe de 170.000 €, o Servizo de Contratación solicitou informe ao Servizo de Cultura ao abeiro do artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Á vista da documentación presentada e tendo en conta o anterior, a Mesa de Contratación, na sesión do 2 de setembro de 2020 acordou, por unanimidade, deixar pendente este asunto ata que o Servizo de Cultura emitise o informe solicitado.

Con data do 2 de setembro de 2020, o xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural emite o informe requirido no que se inclúe o desenvolvemento polo licitador clasificado dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música” en 2019 por un importe total de 170.000 euros. Consta xustificación do pagamento nos expedientes 2854/330, 2983/330, 3035/330.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, de conformidade co acordo da Mesa do 18 de agosto de 2020 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliable a través de fórmula por ser o único licitador admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (G36855906) o procedemento aberto de servizos de actuacións musicais no “ciclo de bandas de música ao son das festas de Vigo” (8.507-335) por un prezo total do contrato é de 80.000 euros (exento de IVE).”

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(707).-ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTOS DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE EN CENTROS DA ÁREA DE CULTURA. EXPTE. 2644/341.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 09/09/2020, dáse conta do informe-proposta emitido pola Mesa de Contratación en data 08/09/2020, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2.644-341)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 3 de xuño de 2020, redactadas polo xefe do servizo de Museos e o xefe do servizo de Xestión Cultural, conformadas polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 18 de xuño de 2020, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 1.271.788,46 €, (un millón douscentos setenta e un mil setecentos oitenta e oito euros, con corenta e seis céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 220.723,62 € (douscentos vinte mil setecentos vinte e tres euros con sesenta e dous céntimos), para un período de dous anos, que se financiarán de acordo co seguinte detalle:

2020 (4 meses).- Financiamento do importe de licitación: 211.964,74 € (Servizo de vixilancia de seguridade: 192.780,48 € e servizo de mantemento: 19.184,26 €)

-Aplicación orzamentaria 3330.227.01.01 “Servizos de seguridade dependencias”: 170.140,27 € (Servizo de vixilancia de seguridade Museos: 158.226,80 € e servizo de mantemento: 11.913,47 €)

-Aplicación orzamentaria 3321.227.01.00 “Contratación de servizos de seguridade”: 41.824,47 € (Servizo de vixilancia de seguridade Bibliotecas: 34.553,69 € e servizo de mantemento: 7.270,78 €).



Concello de Vigo

2021.- Financiamento do importe de licitación: 635.894,23 €/anuais (Servizo de vixilancia de seguridade: 578.341,45 € e servizo de mantemento: 57.552,78 €). Con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

-Aplicación orzamentaria 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias": 510.420,81 € (Servizo de vixilancia de seguridade Museos: 474.680,39 € e servizo de mantemento: 35.740,42 €)

-Aplicación orzamentaria 3321.227.01.00 "Contratación de servizos de seguridade": 125.473,42 € (Servizo de vixilancia de seguridade Bibliotecas: 103.661,06 € e servizo de mantemento: 21.812,36 €).

2022 (8 meses).- Financiamento do importe de licitación: 423.929,49 € (Servizo de vixilancia de seguridade: 385.560,97 € e servizo de mantemento: 38.368,52 €). Con cargo ao crédito suficiente e adecuado a nivel de bolsas de vinculación.

- Aplicación orzamentaria 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias": 340.280,54 € (Servizo de vixilancia de seguridade Museos: 316.453,59 € e servizo de mantemento: 23.826,95 €)

- Aplicación orzamentaria 3321.227.01.00 "Contratación de servizos de seguridade": 83.648,95 € (Servizo de vixilancia de seguridade Bibliotecas: 69.107,38 € e servizo de mantemento: 14.541,57 €).

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de agosto de 2020 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de agosto de 2020, de SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U por non alcanzar o umbral mínimo de puntuación esixido nas regras de puntuación do apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2644-341) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación total
1	PROSEGUR SOLUCIONESINTEGRALES DE SEGURIDADESPAÑA SL	85,25
2	SECURITAS SEGURIDADESPAÑA SL	69,74

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDADESPAÑA SL , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- (“deberá ter autorización administrativa outorgada polo Ministerio do Interior de Inscripción no Rexistro Nacional de Empresas de Seguridade, en relación coas seguintes actividades de seguridade privada (Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada e Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro polo que se aproba o regulamento de seguridade privada)”:
- Vixilancia e protección de bens, establecementos, lugares e eventos, tanto públicos como privados, así como das persoas que puideran atoparse neles.
 - Instalación e mantemento de aparellos, equipos, dispositivos e sistemas de seguridade conectados a centrais receptoras de alarmas ou a centros de control o de videovixilancia.
 - A explotación de centrais para a conexión, recepción, verificación e, no seu caso, resposta e transmisión dos sinais de alarma, así como a monitorización de calquera sinais de dispositivos auxiliares para a seguridade de persoas, de bens mobles ou inmobles ou de cumprimento de medidas impostas, e a comunicación á Forzas e Corpos de Seguridade competentes nestes casos.”)
E autorizacións administrativas específicas como empresas instaladoras e mantedoras de instalacións de protección contra incendios que as habiliten para realizar os servizos previstos no contrato (Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios e Decreto 51/2011, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior)
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., o día 31 de agosto de 2020, que presenta a documentación requirida o 3 e o 7 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 17 e 24 de agosto de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de agosto de 2020 de SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Adxudicar a PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L. (B-87.222.014) o procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2.644-341) coas seguintes condicións:*
 - *O prezo da parte variable constituída polos servizos de vixilancia de seguridade é de 1.156.682,90 euros, sendo o importe correspondente ao IVE 200.746,62 euros, cunha porcentaxe única de redución dos prezos unitarios do 9,01 %.*
 - *O prezo da parte fixa constituída polo servizo de mantemento de instalacións de seguridade é de 104.734,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.177,07 euros.*
 - *Propón unha bolsa de 323 horas/ano de servizos de vixilancia de seguridade, durante el período contractual, sen custo para o Concello, que se realizará en servizos en horarios distintos dos centros habituais ou en servizos que involucran reforzos nas posicións habituais derivadas das características das actividades ou de circunstancias especiais. A bolsa consistirá en:*

- a) 249 en horario laborable diúrno
- b) 74 en horario festivo diúrno

- *Comprométese a implantar un plan de formación continua do persoal en materia de seguridade de 25 horas anuais (a maiores das 20 horas lectivas anuais mínimas obrigatorias esixidas pola normativa de seguridade privada) respecto ás materias previstas no apartado 7B)3 do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- *Propón un incremento da dotación mínima anual para corrección de incidencias menores de mantemento correctivo nos sistemas de seguridade dos centros (antiintrusión e/ou conraincendios) de 2.060,91 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada"."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(708).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciron intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

CCA/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez